



ESCENA PARA TODAS

PARA QUE VOU QUERER IR AO TEATRO?

UN CONVITE AO TEATRO SOBRE EROSKI PARAÍSO
DA COMPAÑÍA CHÉVERE POLA CONTA DE CAMILO FRANCO



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aeig.gal



Deputación
DA CORUÑA



INTRODUCCIÓN

Hai experiencias que todos coincidimos en que son enriquecedoras, en que fornecen de espírito crítico e de sentido á existencia. Outras son divertidas. E a combinación destas dúas categorías chámase teatro, de xeito máis preciso, ir ao teatro. Dicimos, “hai que ir máis ao teatro”. Cando lemos unha entrevista a unha persoa admirada e lle preguntan se lle gusta máis o cinema ou o teatro, elixe o teatro. O certo é que, se estamos tan seguros de que o teatro e ir ao teatro é unha cousa boa... ¿por que non están os teatros abarrotados? ¿Por que non se erguen as voces buscando máis obras, máis actores, actrices, dramaturgxs, escenógrafxs, iluminadores, técnicxs de son, directorxs de escena como se protesta cando, por exemplo, se cancela a nosa serie favorita e non haberá nova tempada?

1º ACTO: SE O TEATRO É TAN BO... COMO É QUE TARDAMOS TANTO EN DECATARNOS DE PARA QUE É ÚTIL?

Igual o caso é que buscamos a utilidade nas cousas máis inútiles, e moito diso ten tamén o teatro. Ou que ninguén, ate o de agora, se atreveu a nos dicir que ao teatro un non vai a ver a Shakespeare ou a Valle (Inclán, para que non lembre de quen estamos falando), porque eles non habitan a escena. Ao teatro imos a buscar respostas, sempre que sexamos afoutos dabondo para coñecer as preguntas. Así abre o diálogo o crítico Camilo Franco, con moitas máis preguntas das que caben nunha aula de cincuenta minutos, e caben moitas.



VER VÍDEO DE CAMILO FRANCO 01 >>>

Eroski Paraíso é unha das moitas propostas dramáticas da compañía Chévere. Que non vos soa? Non pasa nada, aquí estamos para que vos animedes a saber máis deles.

Chévere naceu hai uns trinta anos, eles non se autodenominan como compañía teatral senón coma compañía de **axitación** teatral. Como imaxinaredes despois de tanta axitación e tanos anos no camiño, hai moitas anécdotas e moitas historias para compartir. Hai moito que contar. Chévere ten actuado en espazos físicos (escenografías) que recordan aos circos, que recordan aos supermercados, aos cabarets, á ópera, ao salvaxe oeste... Ten actuado na rúa. Construíron, hai anos, un espazo para o desenvolvemento do teatro e das artes audiovisuais que se chamou a Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa (alá polo 1992). A Sala Nasa, sita en Compostela, foi durante anos un elemento clave da cultura da cidade e a súa influencia esténdese polo resto de Galicia nun proxecto que chega tamén ao resto do estado, a Portugal e incluso a latinoamérica.

Contan cunha extensísima produción na que podemos resaltar títulos coma “Río Bravo”, “Annus Horribilis” ou “Citizen”. Asemade dispoñen dunha sorte de canle de “teatrovisión” (redenasa) e a día de hoxe, tras ter acadado numerosos recoñecementos coma o Premio Nacional de teatro (2014), canalizan os seus esforzos cara o teatro documental e cara a produción de proxectos alternativos a través da Berberecheira (un laboratorio de creación no que Chévere abeira obras doutros artistas baseadas en experiencias persoais, contadas en primeira persoa e conectadas con feitos e movementos colectivos.

O núcleo central da compañía (Miguel de Lira, Xron, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés) explora en Eroski Paraíso o xogo que desde pequenos todas e todos elaboramos en cada momento de reflexión: tratar de ser quen somos. Non é doado xogar a interpretararnos a nós mesmos, ou a nós no futuro, ou a nós no pasado. Por moito que loitemos pola versomellanza. cando pensamos en levar a cabo o rol de “pretender”, de pór unha máscara que nos faga libres, podemos quedar incomodamente encaixados nos estereotipos do que queremos fuxir. Quen de vos ten pensado “nunca na vida farei isto deste xeito”? Quen de vós non se ten descuberto a si mesmo facéndoo tal e como dixo que non o ía facer?

O teatro documental é o máis perigoso porque obriga a espertar nun mundo onde nos queren anestesiados. Hai que ser valente para miralo e para vivilo. Hai que saber que cando sentamos a ollar cara o escenario, o espello que temos diante nosa non só nos devolve o noso reflexo, senón que detrás en outro no que á súa vez se reflicte, e así creamos unha imaxe infinita centrada en dous puntos de fuga: o que conta a proposta escénica e o abismo da interpretación de nós mesmxxs.

2º ACTO: O ASUNTO É ATREVERSE...



VER VÍDEO CAMILO FRANCO 02 >>>

Preme nesta ligazón <http://redenasa.tv/gl/post/5b380ffc01f9/>, a escena desenvólvese desde o principio do vídeo ate o minuto 9:20

[ACTIVIDADE 1] PROPOSTA DRAMÁTICA: TODO É NORMAL

Malia que a proposta en escena é o final do camiño, parte dese camiño baséase na escrita dramática. Como vedes, salvo as acotacións do lugar onde están e algún tipo de información orientativa que a dramaturga ou dramaturgo lle queira dar ao director/a, o texto baséase no diálogo. Escribe un diálogo que reproduza a primeira conversa que tiveches esta mañá. O reto é facelo imaxinando que a túa vida vai ser representada por actores e actrices e sabendo que só contas con cinco minutos para facelo.

Ao rematar gardade todas as propostas nunha caixa e extraede dúas delas. Representádeas coa condición de que os autores desas propostas fagan eles mesmos de si propios na representación.

[AVALIACIÓN ACTIVIDADE 1] CRÍTICA DA OBRA REPRESENTADA POLO ALUMNADO

É unha representación natural? Tenta quen se representa a si propio quedar mellor do que é por natureza? Recoñécédelo nos diálogos ou soa artificial?

Nota dos autores: se a dinámica da aula o permite podería facerse esta actividade en pequeno grupo, discutindo entre todos para seleccionar unha escena da vida cotiá que lles sexa común e plasmándoa nun diálogo para ser representada ante a clase a posteriori.

3º ACTO: VEMOS O OBXECTO OU O BALEIRO QUE DEIXA O OBXECTO CANDO SABEMOS QUE XA NON O PODEMOS TER? SOMOS QUEN DE SOÑAR OU XA PERDEMOS TODA ESPERANZA?



VER VÍDEO CAMILO FRANCO 03 >>>

Preme nesta ligazón <http://redenasa.tv/gl/post/f5f6bbc79b08/>, a escena desenvólvese desde o minuto 6:25 ate o 14:25.

[ACTIVIDADE 2] PROPOSTA ESCÉNICA

O teatro sempre deixa preguntas novas que só se poden contestar a través doutra proposta escénica.

Entrade a escena.

Colocade dúas cadeiras fronte a taboleiro, de costas á clase. Escollede a dous actores ou actrices que vaian sentar neses lugares. O resto, xirade tamén as cadeiras, non miredes cara eles, mirade cara o fondo da aula. Gardade silencio e escoitade.

O director de escena (docente) cronometrará tres minutos, durante eses tres minutos a primeira parella que está nas cadeiras que miren cara o taboleiro falará do que ven no taboleiro. Haberá quen vexa un taboleiro limpo, quen vexa un taboleiro en branco como simboloxía dun futuro como o que teñen eles diante, quen vexa con rabia a última intervención dunha materia, quen sinta o temor ante as chamadas ao taboleiro e o verbalice, quen desexe estar noutro lugar e só vexa unha parede...

Cada un falará como se falase so ou soa, sabendo que hai xente escoitándoo pero sen esperar que establezan con el ou ela un diálogo. O éxito da proposta dramática depende da seguridade en si propio do actor ou actriz, da forma na que se deixe levar pola proposta. Ao cabo de tres minutos a directora de escena (docente) apuntará a última frase dita por un dos dous actores ou actrices.

Un deles volverá ao seu sitio.

Outra persoa da clase ocupa o posto vacante, durante tres minutos empezará a nova parella unha conversa que empece coa frase que ten anotada a docente.

Pódese repetir a actividade cantas veces queirades, pero é crucial o respecto do público para que a proposta escénica sexa significativa.

ESPAZO DOCENTE (CRÍTICA INDOMABLE)

Xustificación docente da proposta didáctica dentro dos parámetros da LOE/LOMCE e do *Artigo 86/2015* que regula o currículo da ESO e Bacharelato da comunidade autónoma de Galicia.

En canto aos obxectivos de etapa consideramos que esta proposta didáctica responde ao seguintes:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Malia que se podería xustificar a proposta didáctica en virtude de diferentes estándares de aprendizaxe en cada un dos cursos de ESO e Bacharelato, mais consideramos de máis utilidade falar das competencias clave e contidos transversais da proposta para non cinguila ao emprego en aulas de materias determinadas. O teatro como medio forma parte da cultura e da vida cotiá, así a nosa proposta pode ser empregada tanto para as aulas de lingua e literatura como para as aulas de titoría, economía, consumo responsable, xeografía e historia, educación plástica e visual..

Así, no tocante ás competencias clave (para o caso da ESO) consideramos que a proposta aporta experiencias para traballar a competencia de comunicación lingüística (CCL), a competencia de aprender a aprender (CAA), as competencias sociais e cívicas (CSC), a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e a competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC). De xeito máis evidente subliñamos a súa relevancia para a CCL e a CCEC.

No tocante aos contidos transversais documentados resaltamos o emprego desta proposta didáctica no proceso de ensino-aprendizaxe relacionado coa comprensión lectora (CL; a expresión oral e escrita (EOE, a comunicación audiovisual (CA); o emprendemento (EM); a educación cívica e constitucional (ECC); a igualdade efetiva entre homes e mulleres (GX); a igualdade de trato e non discriminación (IG); a resolución pacífica de conflitos (RPC) e a educación en valores (VAL).

Para Chévere non hai historias pequenas nin públicos xeralistas. Para Chévere hai unha realidade que necesita ser contada para que os espectadores saiban a que aterse. Para Chévere hai historias que pagan as penas e hai un cristal para miralas todas: o humor que permite restarlle algo de tamaño aos malos e darlle algo de dimensión aos comúns.

A compañía o mesmo pode facer unha do Oeste (porque do oeste son, porque Galicia é o oeste) e converter Río Bravo no espello recorrente no que revisar o traballo, como pode meterse nunha triloxía para explicar algunhas das cousas que aparentemente non pasan en Galicia, como fixo en Citizen. Pode facer reconsiderar a transición social no país, Eroski-Paraíso; e mesmo pode investigar sen bata onde acaban as historias e comezan as lendas, Curva España.

O que non pode facer Chévere é deixar de xogar co humor para convertelo na proba do algodón que todo conxunto debера superar para non considerarse baleiro. A ferramenta de interpretación que pon cada cousa no seu lugar sen necesidade de homilías. Non pode deixar de utilizar o humor como república independente dos espectadores.

Hai que agradecer a compañía a xenerosidade do seu traballo coa xente, cos colectivos sociais. En particular temos que agradecer a disposición a este traballo escolar sobre os motivos para ir ao teatro.

Chévere sería un deses motivos.

A mellor maneira para confirmar que Chévere é un argumento para ir ao teatro é, obviamente, ir ao teatro.



Foto: Moncho Fuentes

Camilo Franco, Ourense, 1963

Periodista extendido, narrador breve. Crítico criticado. Repunante. Prefire falar de lecturas a falar de libros. Fedella nos soportes das palabras.

Libros: A lúa no cénit, En malos pasos, Por conto alleo, Palabras contadas.

Experimentos: Por Conto Alleo, Necesariamente X, Balada triste de moqueta.



Escena para todas é un proxecto da AELG creado co amparo da Deputación de A Coruña.

Proposta didáctica: Camilo Franco e Anna R. Figueiredo

Deseño e maquetación: Diego Seixo